



XVI Torneo Tenis de Mesa Concello de Oleiros

Este Torneo está encadrado dentro do Circuito Galego da FGTM.

LOCAL DE XOGO

Disputarase no Pavillón Polideportivo de Bastiagueiro. Rúa Uxio Novoneyra, s/n. I.E.S. María Casares, 15179 Oleiros.

DATA e HORARIOS

Sábado 28 de Mayo de 2016, de 09,00 a 21:00 horas Absoluto Masc. e Fem.
Domingo 29 de Mayo de 2016, de 09,00 a 21:00 horas Categorías.

PROBAS A DISPUTAR

Sábado

Absoluta masculina (xogadores de calquera idade).
Absoluta feminina (xogadoras de calquera idade).

Domingo

Benxamin masculino e feminino (xogadores-as nados no 2005 e posteriores)
Alevín masculino e feminino (xogadores-as anos 2003 e 2004).
Infantil masculino e feminino (xogadores-as anos 2001 e 2002).
Xuvenil masculino e feminino (xogadores-as entre os anos 1998 ata 2000).
Sub 23 masculino e feminino (xogadores-as entre os anos 1993 ata 1997).
Senior masculino e feminino (xogadores-as entre os anos 1977 e 1992).
Veterans masculino + 40 (xogadores nados ano 1976 e 1967)
Veterans masculino +50 (xogadores nados ano 1966 e anteriores)
Veterans Femininas (xogadoras nadas ano 1976 e anteriores).

PARTICIPACION

Libre en cada unha das probas.

Para poder celebrar unha proba terá que haber unha inscrición mínima de 8 participantes, no caso contrario, encadraríanse na inmediata superior.

SISTEMA DE XOGO

De ser posible, e de acordo co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, cada proba disputarase en dúas fases: 1ª Fase: Formaranse grupos. Fase Final: Cadros eliminatorios. Os horarios de cada proba, faranse dependendo dos inscritos. As semifinais e finais de todas as categorías disputaranse ao final do día.

ARBITRAXES

O Xuiz Arbitro será designado pola FGTM. Os ARBITROS serán os propios xogadores-as, o que non queira arbitrar, daraxelle por perdido o seguinte partido, nas Eliminatorias os eliminados serán os arbitros, as rondas de semifinais e finais serán arbitradas por arbitros designados pola Organización.

INSCRICIÓNS

Os clubs interesados en participar neste torneo , pertencentes á Federación Galega de Tenis de Mesa, deberán facelo a través do formulario que xa está a disposición deles dende a sección de FORMULARIOS da páxina da Federación Galega de Tenis de Mesa, antes das **24,00 horas do día 13 de Mayo** de 2016. Os clubs non pertencentes á FGTM formalizarán a súa inscrición via e-mail a seguinte dirección: lasencasas@hotmail.com

Ao non estar afiliados a FGTM, deberán facilitar Nome e apelidos, data de nacemento, nº de licenza e Club o que pertencen.

NOTAS

- Habrá trofeos para os catro primeiros clasificados de cada proba disputada.
- A participación mínima por proba será de 8 xogador@s.
- Non se permitirá a inscrición no mesmo día en mais dunha proba, a non ser que non interfiran.
- O Comité de Organización deste torneo, xunto co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, poderán facer os cambios que estimen oportunos tendo en conta as altas ou baixas que se poidan producir.
- A participación neste torneo implica a aceptación de todo o exposto anteriormente.

Teléfono de Contacto para calquer dubida ou aclaración:
Jesús Valiño , Telf.: 629888938